

AFECCIÓN DA COVID-19 NO PROGRAMA DE COMPOSTAXE REVITALIZA DE PONTEVEDRA

María M. Abrales e Carlos Pérez Losada*

Cando en marzo de 2020 foi declarado o estado de alarma no estado español, a primeira reacción nesta Deputación de Pontevedra foi a de pechar todos os centros de compostaxe comunitaria (CCC) baixo control directo do REVITALIZA. Afortunadamente, tras esa primeira reacción consecuencia dun comprensible pánico inicial, axiña retornou o sentido común. O retorno ao pragmatismo veu a reafirmar que os CCC, como centros de xestión local de residuos, son un "servizo esencial". Tamén os COIN (composteiros individuais), difíciles estes para un peche decretado ao se atopar na privacidade das vivendas.

A COMPOSTAXE LOCAL É UN SERVIZO ESENCIAL

Dos concellos adheridos ao REVITALIZA tan só pecharon (incomprensible decisión) os seus CCC os de Soutomaior (1) e Sanxenxo (1), inda que este segundo o reabriu rapidamente (5 semanas de peche).

A esencialidade dos CCC púxose de manifesto tamén no webinar do 5 de maio no que participamos xunto con persoal técnico en activo en diferentes zonas xeográficas con presenza significativa en compostaxe comunitaria. Alí expuxemos primeiro o estado do tema en cada unha das nosas áreas e debatemos logo entre nós sobre a situación. En ningunha desas zonas con forte tradición na compostaxe comunitaria tiñan pechado ningún CCC (menos inda os COIN), ao igual que nós no REVITALIZA.

De fóra da provincia tan só pecharon nos lugares cun baixo compromiso ambiental, como por exemplo Compostela, onde os seus CCC apareceron clausurados.

Imaxinémonos o que tería significado que pechásemos os nosos CCC. A mensaxe que quedaría para sempre sería a da súa banalidade, a de ser algo "bonito", "ecolóxico", "verde", etc, ou sexa, pouco máis que unha flor de adorno na xestión do lixo. Iso, con toda seguridade, sería unha lousa dificilmente superábel de cara ao futuro, cando menos a curto/medio prazo.

Superado o golpe inicial e grazas á gran capacidade da nosa APP informática para a captación, seguimento e análise de datos de proceso nos CCC (en menor medida, tamén nos COIN), procedemos a un rastreo específico dos CCC en funcionamento con datos máis representativos.

No Cadro I aparecen os rexistros nos dous CCC de Baiona, os datos inmediatamente previos ao confinamento e os inmediatamente posteriores a este. No CCC Centro houbo 5 lotes pre-confinamento e 3 lotes post-confinamento (lote é o material correspondente a o enchido de

cada módulo de achega, aproximadamente 1m³) e tan só un pre e un post para o CCC Sabaris.

A fin de minimizala dispersión debida a que non todos os lotes tiñan sido pechados no mesmo nivel de enchido (neste seguimento eses peches de lotes oscilaron entre un máximo dun 80% e un mínimo dun 65% de enchido), extrapolamos a súa tendencia ata un hipotético enchido ao 100% en tódolos lotes. Seguidamente procedemos a facela media aritmética dos tempos (ata ese hipotético 100% de enchido) para os lotes pre e os lotes post en cada CCC (no caso do de Sabaris non foi preciso facer medias). Comparando esas medias dos seus tempos de enchido, pre e post, deducimos cando se encheu máis rápido e cando máis lento (maior tempo => enchido máis lento, menor tempo => máis rápido). Por último calculamos as variacións entre as velocidades (estas serían os inversos dos tempos) pre e post. Neste caso concreto o CCC Centro resultou terse enchido un 16,27% máis lento tralo confinamento con respecto a antes do mesmo. No CCC Sabaris pola contra aumentou nun 25,71% (menos fiábel ao ter tan só 1 lote pre e 1 lote post).

Procedendo cun similar xeito de cálculo en tódolos demais CCC analizados teríamos a foto de como ten afectado a Covid-19 ao uso dos nosos CCC.

Como outro exemplo de detalle, no Cadro II amósanse os resultados para os 7 CCC de O Grove. Neste caso observamos que hai un pouco de todo: CCC con fortes aumentos nas achegas (Sineiro-1, Sineiro-2 e Xulgados), con aumentos medios (Beiramar Cofín e Ernesto Goday), ou diminución media (Rons) e máis un que practicamente quedou como estaba (Terra do Porto).

Fixemos un seguimento con tanto detalle nun total de 18 concellos dos 46 CCC nos que se trataron un total de 269 lotes (157 pre e 112 post). Os resultados presentan unha casuística moi variada, pero no seu conxunto percíbese un aumento global dun 4,8% no período post-confinamento sobre o período pre-confinamento. Os datos por concello aparecen no Cadro III.

Cadro I. Rexistros nos dous centros de compostaxe comunitaria de Baiona.

n ^o _{CCC}	Código	CCC NOME	LOTE	INICIO ACHEGA	FINAL ACHEGA	DÍAS ACHEGA	UMC	% ENCHIDO	t 100% ENCHIDO	t PROMEDIO	Δ _{VELOC.APOR.} %
1	003001	BAIONA - Centro Baiona	20200103A	03/01/2020	13/01/2020	10	A1	80	12,5		
	003001	BAIONA - Centro Baiona	20200113B	13/01/2020	27/01/2020	14	B1	70	20,5		
	003001	BAIONA - Centro Baiona	20200127A	27/01/2020	10/02/2020	14	A1	80	17,5		
	003001	BAIONA - Centro Baiona	20200110B	10/02/2020	20/02/2020	10	B1	70	14,3		
	003001	BAIONA - Centro Baiona	20200220A	20/02/2020	09/03/2020	18	A1	60	30,0	18,9	
	003001	BAIONA - Centro Baiona	20200318A	18/03/2020	03/04/2020	16	A1	65	24,6		
	003001	BAIONA - Centro Baiona	20200403B	03/04/2020	20/04/2020	17	B1	70	24,3		
	003001	BAIONA - Centro Baiona	20200420A	20/04/2020	04/05/2020	14	A1	75	18,7	22,5	-16,27%
2	003002	BAIONA - Sobaris	20200114A	14/01/2020	27/02/2020	44	A1	70	62,9		
	003002	BAIONA - Sobaris	20200330A	30/03/2020	04/05/2020	35	A1	70	50,0		25,71%

Cadro II. Rexistros nos sete centros de compostaxe comunitaria de O Grove.

nº CCC	Código	CCC NOME	LOTE	INICIO ACHEGA	FINAL ACHEGA	DÍAS ACHEGA	UMC	% ENCHIDO	t 100% ENCHIDO	t PROME-DIO	A VELOC.APORT. %
13	022001	GROVE - Beiramar Confin	20200130B	30/01/2020	24/02/2020	25	B1	80	31,3		
	022001	GROVE - Beiramar Confin	20200214A	14/02/2020	13/03/2020	28	A1	80	35,0	33,1	
	022001	GROVE - Beiramar Confin	20200327A	27/03/2020	15/04/2020	19	A1	80	23,8		
	022001	GROVE - Beiramar Confin	20200415B	15/04/2020	05/05/2020	20	B1	80	25,0	24,4	35,90%
14	022004	GROVE - Hernesto Goday	20200110B	10/01/2020	31/01/2020	21	B1	80	26,3		
	022004	GROVE - Hernesto Goday	20200131A	31/01/2020	20/02/2020	20	A1	80	25,0		
	022004	GROVE - Hernesto Goday	20200220B	20/02/2020	16/03/2020	25	B1	80	31,3	27,5	
	022004	GROVE - Hernesto Goday	20200316A	16/03/2020	01/04/2020	16	A1	80	20,0		
	022004	GROVE - Hernesto Goday	20200401B	01/04/2020	20/04/2020	19	B1	80	23,8		
	022004	GROVE - Hernesto Goday	20200420A	20/04/2020	08/05/2020	18	A1	75	24,0	22,6	21,77%
15	022006	GROVE - Rons	20200103A	03/01/2020	24/01/2020	21	A1	85	24,7		
	022006	GROVE - Rons	20200127B	27/01/2020	12/02/2020	16	B1	80	20,0	22,4	
	022006	GROVE - Rons	20200318B	18/03/2020	13/04/2020	26	B1	80	32,5		-31,22%
16	022003	GROVE - Sineiro	20200117B	17/01/2020	25/02/2020	39	B1	80	48,8		
	022003	GROVE - Sineiro	20200327B	27/03/2020	21/04/2020	25	B1	80	31,3		
	022003	GROVE - Sineiro	20200421A	21/04/2020	12/05/2020	21	A1	80	26,3	28,8	85,71%
17	022010	GROVE - Sineiro 2	20200122B	22/01/2020	13/03/2020	51	B1	80	63,8		
	022010	GROVE - Sineiro 2	20200413B	13/04/2020	11/05/2020	28	B1	80	35,0		82,14%
18	022002	GROVE - Terra de Porto	20200124A	24/01/2020	07/02/2020	14	A1	80	17,5		
	022002	GROVE - Terra de Porto	20200207B	07/02/2020	27/02/2020	20	B1	80	25,0		
	022002	GROVE - Terra de Porto	20200227A	27/02/2020	16/03/2020	18	A1	90	20,0	20,8	
	022002	GROVE - Terra de Porto	20200316B	16/03/2020	03/04/2020	18	B1	80	22,5		
	022002	GROVE - Terra de Porto	20200403A	03/04/2020	20/04/2020	17	A1	80	21,3		
	022002	GROVE - Terra de Porto	20200420B	20/04/2020	06/05/2020	16	B1	80	20,0	21,3	-1,96%
19	022008	GROVE - XULGADOS	20200103A	03/01/2020	24/02/2020	52	A1	80	65,0		
	022008	GROVE - XULGADOS	20200410A	10/04/2020	11/05/2020	31	A1	80	38,8		67,74%

Dunha análise máis polo miúdo dese aumento global, poderíamos dicir:

- Presentan unha variabilidade moi ampla.
- A meirande parte dos CCC testados responden a mesturas de achegas domiciliarias/singulares, que dificultan acadar resultados de detalle fiábeis respecto ao incremento ou descenso das achegas.
- Cunha certa seguridade (non enteiramente concluínte cos datos dispoñíbeis), os CCC con achegas maioritariamente domiciliarias teñen aumentado entradas.
- Cun maior nivel de seguridade, teñen diminuído os achegamentos nos CCC maioritariamente de singulares tipo restaurantes, bares, etc, aínda que non así noutros tamén de singulares, pero tipo tendas, supermercados, etc.
- Nos CCC do tipo “achegador singular único” constátase que teñen baixado severamente (caso dalgúns restaurantes e dun colexio de Vilaboa, estes datos non aparecen nos cadros e caeron todos eles ata achegamentos nulos).

O CASO DE MORAÑA, PARADIGMA DE AUMENTO NOS COIN

Para os COIN, proceder a unha análise individualizada resultaría, por razóns obvias, de dificultosa accesibilidade e cálculo máis complexo. Afortunadamente dispoñemos de datos numéricos procedentes do seguimento (feito para outro fin) da produción domiciliar de FORM (Fracción Orgánica dos Residuos Municipais) en casas con animais domésticos (cans, gatos, eventualmente galiñas/coellos, en menor medida porcos) na parroquia de San Lourenzo de Moraña. Eses datos (xa dicimos que restrinxidos a un ámbito moi reducido e pouco extrapolables polo tanto) confirman a sospeita do lóxico aumento na produción nos fogares consecuencia da combinación “peche bares/restaurantes + confinamento domiciliario”, combinación da que derivaría a “obrigada consecuencia” de ter que facelas comidas nas propias vivendas e, polo tanto, provocar un desprazamento na xeración da FORM dende bares/restaurantes até fogares. Na gráfica do Cadro IV represéntanse os valores obtidos ao longo dese seguimento.

Obsérvase con claridade o brusco reponte na produción domiciliar de FORM a partires da data de confinamento (14 de marzo de 2020), así como unhas máis moderadas baixadas tralo final do confinamento estrito a partires de maio, co paso ás sucesivas fases máis relaxadas.

Cadro III. Resultado por concello dos 46 centros de compostaxe comunitaria.

CONCELLO	Nº CONCELLOS	Nº CCC	Nº LOTES ^{PRE}	t ^d ENCHIDO	Nº LOTES ^{POST}	t ^d ENCHIDO	Δ VELOC.APORT. %
Baiona	1	2	6	26,190	4	29,392	-10,89%
Barro	1	1	3	26,530	1	23,333	13,70 %
Bueu	1	1	3	20,508	1	23,750	-13,65 %
Caldas de Reis	1	2	6	25,250	2	35,000	-27,86 %
Cambados	1	2	4	30,625	2	37,647	-18,65 %
Cangas do Morrazo	1	3	13	18,864	8	13,360	41,21 %
Gondomar	1	1	2	35,385	1	45,333	-21,95 %
Grove (O)	1	7	13	33,343	13	26,462	26,00 %
Mondariz	1	2	2	44,375	2	33,971	30,63 %
O Rosal	1	1	3	30,540	2	21,429	42,52 %
Pontevedra	1	14	76	13,305	60	18,759	-29,07 %
CIPF (Deputación)	0	1	2	18,333	1	11,250	62,96 %
Porriño	1	1	2	32,833	1	37,333	-12,05 %
Redondela	1	1	3	22,381	3	19,275	16,12 %
Ribadumia	1	1	3	32,051	1	44,444	-27,88 %
Salceda de Caselas	1	2	3	38,750	4	33,333	16,25 %
Tomíño	1	2	6	28,483	3	28,452	0,11 %
Tui	1	1	3	23,472	1	30,667	-23,46 %
Vilagarcía de Arousa	1	1	4	18,429	2	21,053	-12,46 %
TOTAIS / PROMEDIOS	18	46	157	20,61	112	19,67	4,81 %

A MODO DE CONCLUSIÓNS

- A Covid-19 puxo a proba a “robustez” da compostaxe local (COIN e CCC) como servizos esenciais que son dentro da xestión de residuos.

- Inda que cunha variabilidade interna elevada, quedou demostrado o aumento global nas achegas aos CCC.

- Os datos dispoñíbeis confirman o notábel transvase dende os produtores singulares até os fogares no que atinxe á produción da FORM.

*María Martínez Abrales e Carlos Pérez Losada son técnicos da Deputación de Pontevedra

Cadro IV. Producción domiciliar FORM kg/hab-día

